



INFORME-PROPOSTA

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e cos artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

O obxecto da presente proposta para o inicio do correspondente expediente de contratación é a necesidade da subministración de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e auga quente (AQS) das seguintes Escolas Públicas de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo que empregan este tipo de combustible para o seu funcionamento:

- 1) Escola Infantil Municipal Atalaia (Teis)
- 2) Escola Infantil Municipal Costeira (Saiáns)
- 3) Escola Infantil Municipal Santa Cristina (Lavadores)
- 4) Escola Infantil Municipal Santa Marta (Casco Vello)
- 5) Escola de Educación Infantil Cristo da Victoria (Coia)
- 6) Escola de Educación Infantil Monte da Guía (Teis)
- 7) Escola de Educación Infantil Monte do Alba (Valadares)
- 8) Escola de Educación Infantil Vila Laura
- 9) Escola Municipal de Música

Cómpre ter en conta que, coa excepción da última escola, estes centros son de Educación Infantil, con alumnado comprendido entre 0 e 6 anos, o que xustifica a necesidade de que tales centros conten con calefacción e auga quente sanitaria.

En consecuencia, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante este contrato, así como a idoneidade do seu obxecto e o contido para satisfacelas, están totalmente xustificadas pola necesidades de que os centros educativos nos que se subministrará o referido combustible dispoñan de calefacción e auga quente.

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 80.2 da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia dispoñen que o municipio exercerá en todo caso como competencia propia, entre outras, a conservación e o mantemento dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de Educación Infantil, Primaria e Especial.

Atribuída pois a súa competencia, procede a subministración obxecto de contratación a través dos cauces previstos no ordenamento xurídico vixente.

Na sesión ordinaria de data 24 de xaneiro de 2020, a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación adoptou o seguinte acordo: *"Adxudicar a GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B-36.736.049) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (23073/332) por un prezo total de 50.820,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.820,00 euros e un desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR) de 0,56%.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

O devandito contrato foi formalizado en data 29/01/2020 e na súa cláusula terceira establécese que *"O prazo do contrato é de dous anos, contado a partir do día seguinte á última sinatura dixital do mesmo. Está prevista unha prórroga dun ano"*. A Xunta de Goberno Local aprobou a devandita prórroga en data 5 de novembro de 2021. Desta forma, a data de finalización prevista para as prestacións do vixente contrato do expediente 23073/332 é a de 29 de xaneiro de 2023.

O presente contrato está previsto no Plan anual de contratación.

En base ao exposto e, de conformidade co art. 116.1 e Disp. Adic. 2ª.4 da Lei 9/2017 e en virtude da Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, elévase ao concelleiro delegado de Educación a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Iniciar o expediente administrativo para a contratación da subministración de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e auga quente (AQS) das Escolas Públicas de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Educación, María José Loureiro Bada

DECRETO

Vista a precedente proposta, RESOLVO de conformidade coa mesma.

Vigo, na data da sinatura dixital.

O concelleiro delegado da Área de Educación, Gorka Gómez Díaz

Dou fe: A secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña